

GUÍA DE LECTURA

Esta GUÍA recolle algunhas lecturas que cada un dos equipos de ciclo considera axeitadas para o seu alumnado, partindo do feito de que estas datas son boas para que todos xuntos intentemos favorecer o gusto pola lectura dos máis pequenos da casa, como unha aposta para a mellora do seu futuro e aproveitando tamén, de algún xeito, para loitar pola nosa memoria histórica.

Precisamente sobre a **HISTORIA** versa o noso Proxecto deste ano, e sobre este tema, e os seus feitos máis importantes, imos recomendar as seguintes lecturas.

LECTURAS RECOMENDADAS


EDUCACIÓN INFANTIL



“Os Bolechas queren saber... como é un castro”. Pepe Carreiro. A Nosa Terra



“Os Bolechas queren saber ... como vivían no castro de Tegra”. Pepe Carreiro. A Nosa Terra



“La Prehistoria. Mundo Maravilloso”. SM

Resumo: Percorrido ao longo da Prehistoria dunha maneira sinxela e con bonitas imaxes.

PRIMEIRO CICLO




“Cosas que a veces pasan”. Kestutis Kasparavicius. Ed Thule. 2009

Resumo: “As cousas máis pequenas teñen tamén as súas historias, case sempre absurdas, moi tolas ou con moita importancia, pero HISTORIAS ao fin. O autor debuxa e escribe relatos breves nos que as cousas cobran vida, anímanse e fannos sorrir.”




“Os Bolechas queren saber... como é un castro”. Pepe Carreiro. A Nosa Terra



“El libro de Roma, juegos desplegables”. Artime Ediciones.

Resumo: Achégate a coñecer o Imperio Romano e atrévete a vivir aventuras dentro del.



“Mi primer Larousse de Historia”. Larousse.

Resumo: “Nel poderás cazar mamuts co home prehistórico, coñecer os segredos das momias exipcias, atacar un castelo medieval e vivir moitas outras grandes aventuras da HISTORIA.”


SEGUNDO CICLO



“La historia de Erika”. Kalandraka. 2007

Resumo: “Neste libro Erika, unha muller xudía, rememora os sentimentos que deberon impulsar aos seus pais, cando sendo ela un bebé, a tiraron dun tren que os conducía á morte. Este impulso de renuncia ao seu fillo

para salvalo dunha morte segura, sèrvelle a Erika para recordar un tempo durísimo de odio e crueldade, pero que ningún debe olvidar. Nesta ocasión con ilustracións e adaptado ao público máis pequeno.



“La Edad Media”. Madeleine Deny. SM

Rsumo: Libro sinxelo para coñecer a Idade Media a través da lectura e o xogo.



“En el ocaso de la Prehistoria”. Pepe Carreiro. Toxosoutos SL

Resumo: Os habitantes do Castro de Baroña deciden viaxar á cuna da civilización celta, Irlanda.



Colección A Nosa Historia (Os Castros e a Idade Media). Pepe Carreiro. A Nosa Terra.

Resumo: Podémosos achegar a coñecer o medievo e a época castrexa a través destes libros que con linguaxe sinxelo se adaptan á idade dos rapaces.


TERCEIRO CICLO



El diario de Ana Frank.

Resumo: Ana era unha nena xudea de 13 anos, filla de comerciantes alemás, que, cando as primeiras persecucións nazis, creron atopar en Holanda a salvación definitiva. Cando en xullo de 1942, os Frank

tiveron que elixir entre dúas decisións: someterse ás mans da “Gestapo” ou esconderse costase o que costase, dos dous termos da alternativa preferiron o segundo.



“La escuela secreta de Nasreen”. Juventud

Resumo: É un conto protagonizado por unha nena que vive no Afganistán gobernado polos Talibáns, nun país onde as mulleres non o teñen fácil: cousas tan cotiás como o sinxelo feito de saír á rúa soas, ou (para as nosas fillas) ir á escola cada día foilles vetado entre os anos 1996 e 2001.



“Historia de Galicia”. Pepe Carreiro.

Resumo: Realiza un paseo sinxelo e brillante ao longo de toda a historia de Galicia, dende a Prehistoria ata a Idade Contemporánea.

RECORDADE QUE UN LIBRO SEMPRE É UN BO AGASALLO !



[http:// www.clubkirico.com](http://www.clubkirico.com) (club de lectura)

A BIBLIONOVA

Somos conscientes da importancia que adquire que o noso centro conte con proxectos didácticos innovadores que melloren a calidade educativa do centro e potencien o proceso de Ensinanza– Aprendizaxe dos nosos nenos. Polo tanto un ano máis, todo o profesorado seguimos a traballar dende a Biblioteca (PLAMBE 11-12) neste senso, loitando por mellorar as competencias do noso alumnado e apoiando proxectos tales como o do Plurilingüismo, as Seccións Bilingües, os Programas Contrato (Plan de Reforzo e Orientación)...

A Biblionova trata de ser actual, competente, funcional e aberta á toda a Comunidade Educativa. Dentro dela todos podemos participar, pais, avós, mestres, alumnos, alumnas... todos temos moito que aportar e moitos libros que ler. Por que esa LECTURA é o que nos aporta SABIDURÍA, COÑECIMENTO e nos axuda a “construírnos” como personas.

AS NOSAS PÁXINAS WEB

<http://bibliotecaceipapontenova.blogspot.com/>
<http://ceipapontenova.blogspot.com/>
<http://www.recomendacioneslectoras.blogspot.com/>
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=LEC054>

NOVIDADES EDITORIAIS 2011



PRELECTORES

Sean Taylor. Jimmy Liao

Unha nena que non pode ir durmir sen antes deitar aos seus xoguetes preferidos, facendo todo o necesario para que estes durman antes ca ela

PRIMEIROS LECTORES

Jutta Richter



Canto lle gustaría á nena facer de María no Belén vivinte! Pero como é nova na clase, non pode elixir e ten que interpretar o último papel que queda. Pero, estamos no Nadal, e no Nadal todos os desexos se cumpren!.

LECTORES AUTÓNOMOS




Editorial Alfaguara. Lucía Laragione
O amor, a envexa, a ambición e o poder son un camiño sen retorno. Un estraño manuscrito chega a mans dun editor en circunstancias misteriosas. Contextualizado na Praga do Renacemento, narra as aventuras dun xoven artista.



MERRY CHRISTMAS!

RECOMENDACIONES LECTORAS NAVIDEÑAS



UN UNIVERSO DE LECTURA UN MUNDO DE COÑECEMENTOS II: “UN PASEO AO LONGO DA HISTORIA”



CURSO 2011-12

**A BIBLIONOVA
CEIP PLURILINGÜE
A PONTENOVA**

